

II. O ORZAMENTO DA ADMINISTRACIÓN XERAL

O ORZAMENTO DA ADMINISTRACIÓN XERAL

Os orzamentos da Administración Xeral canalizan a maior parte da actividade económico-financeira do sector público da Comunidade Autónoma. Esa presenza se materializa de forma directa, por medio da xestión que desenvolven as distintas seccións orzamentarias, pero tamén a través do papel financiador que desempeña en relación cos organismos autónomos e, en menor medida, coas sociedades públicas autonómicas, que obteñen unha parte significativa dos seus recursos a través das transferencias procedentes da Administración Xeral.

No referente aos organismos autónomos a importancia dese papel é moi dispar. Representa a maior parte dos recursos do SERGAS, se ben hai que matizar que os servizos sanitarios, xunto cos servizos sociais, son os únicos que dispoñen dun sistema de financiamento diferenciado, con orixe na Lei 21/2001, do 27 de decembro, razón pola que, aínda que a transferencia instrumentase a través da Administración Xeral, os recursos transferidos son realmente ingresos afectados, propios do SERGAS. E resulta mais atenuada no caso do Instituto Galego da Vivenda e Solo, organismo onde unha parte significativa dos seus ingresos proceden da venda das vivendas que constrúe e figuran orzados no capítulo VI, ou no caso de Augas de Galicia, que xestiona directamente o Canon de saneamento que aparece presupostado no seu capítulo III de ingresos.

Ese mesmo papel financiador adquire diversos matices nos entes públicos, donde Portos de Galicia, Obras e Servizos Hidráulicos, e a Compañía de Radiotelevisión de Galicia, financian en distinta medida a súa actividade co produto da venda de servizos.

E admite, finalmente, unha intensidade moi distinta nas sociedades mercantís, que dispoñen dunhas posibilidades de financiamento moito mais

diversificadas que as dos outros axentes económicos que aparecen integrados nos orzamentos da Comunidade Autónoma.

1. INGRESOS

A previsión de ingresos da Administración Xeral ascende a 10.467,8 millóns de euros, que representan un crecemento do 8,8 % sobre os do anterior exercicio.

Os ingresos correntes crecen un 10,0 %, impulsados polo bo comportamento dos ingresos tributarios e pola todavía mais favorable evolución das transferencias correntes, entre as que figuran as procedentes do Fondo de Suficiencia, o concepto de maior importancia cuantitativa, así como as dos restantes instrumentos financeiros derivados do sistema de financiamento das Comunidades Autónomas.

En sentido contrario as transferencias de capital, a pesar do aceptable comportamento do Fondo de Compensación Interterritorial, acusan os efectos da entrada no novo marco de programación dos fondos europeos, e experimentan unha caída do 3,8 %.

Entre os ingresos financeiros, os do capítulo IX ofrecen un incremento do 7,2 %, que cando se considera en termos de variación de pasivos diminúen nun 32,9 % a cifra do endebedamento neto do ano anterior.

Orzamento de ingresos da Administración Xeral

Capítulos		Distribución económica			(Miles de euros)		
		2006	2007	Variación 07 / 06	Valor relat.		
				%	2006	2007	
I	Impostos directos	1.074.777	1.167.819	93.042	8,7	11,2	11,2
II	Impostos indirectos	2.412.680	2.636.049	223.369	9,3	25,1	25,2
III	Taxas, prezos e outros ingresos	169.801	178.441	8.640	5,1	1,8	1,7
IV	Transferencias correntes	4.615.851	5.121.891	506.040	11,0	47,9	48,9
V	Ingresos patrimoniais	11.564	12.672	1.108	9,6	0,1	0,1
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES		8.284.673	9.116.873	832.199	10,0	86,1	87,1
VI	Alleamento de investimentos reais	404	9.447	9.043	2.238,4	0,0	0,1
VII	Transferencias de capital	821.509	790.442	-31.067	-3,8	8,6	7,6
TOTAL INGRESOS NON FINANCEIROS		9.106.586	9.916.762	810.176	8,9	94,7	94,7
VIII	Activos financeiros	10	10	0	0,0	0,0	0,0
IX	Pasivos financeiros	514.068	551.044	36.976	7,2	5,3	5,3
TOTAL INGRESOS FINANCEIROS		514.078	551.054	36.976	7,2	5,3	5,3
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL		1.335.991	1.350.943	14.952	1,1	13,9	12,9
TOTAL		9.620.664	10.467.816	847.151	8,8	100,0	100,0

Capítulo I. Impostos directos

Os ingresos deste capítulo ascenden a 1.167,8 millóns de euros, que superan nun 8,7 % aos previstos no ano anterior.

CAPÍTULO I. Impostos directos							
Distribución económica. Variacións 2006-2007.							
(Miles de euros)							
Conceptos	2006	2007	Variación 07 / 06		Valor Rela.		
			Importe	%	2006	2007	
100 Sobre a renda das persoas físicas	883.785	970.612	86.827	9,8	82,2	83,1	
110 Sucesións e doazóns	139.422	143.883	4.461	3,2	13,0	12,3	
111 Patrimonio das persoas físicas	51.570	53.324	1.753	3,4	4,8	4,6	
TOTAL	1.074.777	1.167.819	93.042	8,7	100	100	

CAPÍTULO I. Impostos directos			
Distribución económica. Evolución 2003-2005			
(Miles de euros)			
Conceptos	2003	2004	2005
100 Sobre a renda das persoas físicas	677.150	764.088	815.760
110 Sucesións e doazóns	99.652	106.220	111.119
111 Patrimonio das persoas físicas	45.900	47.818	50.559
TOTAL	822.702	918.126	977.438

No referente ao Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, como novidade normativa a Comunidade Autónoma fai uso neste exercicio das competencias atribuídas pola Lei 18/2002, do 1 de xullo, de réxime de cesión de tributos do Estado, aprobando a través da Lei de Orzamentos unha dedución da cota íntegra do IRPF, nos seguintes termos:

“Os homes menores de 35 anos e as mulleres, calquera que sexa a súa idade, que causen alta no censo de empresarios profesionais e retedores por primeira vez durante o período impositivo e manteñan a devandita situación durante un ano natural, poderán deducir 300 euros no período impositivo no que se produza a alta, sempre que desenvolvan a súa actividade no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.”

Ao mesmo tempo, mantéñense as deducións establecidas en anos anteriores por nacemento ou adopción de fillos, por ter a condición de familia numerosa, polo coidado de fillos menores, por suxeitos pasivos minusválidos de máis de 65 anos que precisen axuda de terceiras persoas, e por gastos de contratación de liñas de alta velocidade para acceso a Internet.

A recadación prevista polo Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, 970,6 millóns de euros, incrementase nun 9,8 % sobre a do ano 2006.

Polo que respecta ao Imposto sobre Sucesións e Doazóns, apróbase na Lei de Orzamentos unha redución do 95 % na base imponible nas doazóns efectuadas a fillos e descendentes, para adquisición da vivenda habitual, sempre que se cumpran os seguintes requisitos: que o donatario teña menos de 35 anos, que a suma da parte xeral e da parte especial da base imponible do IRPF do donatario non sexa superior a 30.000 euros, que o importe da doazón non supere os 30.000 euros, e que a doazón se formalice en escritura pública. O donatario deberá adquirir a vivenda nos seis meses seguintes ás doazóns.

Os ingresos previstos por Sucesións e Doazóns ascenden a 143,9 millóns de euros que superan nun 3,2 % aos orzamentados no ano anterior.

En canto ao Imposto sobre o Patrimonio, non se fai uso das competencias normativas, e a previsión de ingresos, 53,3 millóns de euros, representa un incremento do 3,4 % sobre as realizadas no 2006.

Capítulo II. Impostos indirectos

A previsión de ingresos derivados de impostos indirectos sitúase en 2.636,0 millóns de euros, representativos dun crecemento do 9,3 % sobre o anterior exercicio.

CAPÍTULO II. Impostos indirectos						
Distribución económica. Variacións 2006-2007.						
Conceptos	2006	2007	Variación 07 / 06		Valor Rela.	
			Importe	%	2006	2007
200 Sobre transmisións inter vivos	296.752	346.485	49.733	16,8	12,3	13,1
201 Sobre actos xurídicos documentados	265.087	284.371	19.284	7,3	11,0	10,8
210 Sobre o valor engadido	1.126.014	1.291.892	165.877	14,7	46,7	49,0
220 Impostos especiais	606.635	592.180	-14.456	-2,4	25,1	22,5
221 Imposto retallista de hidrocarburos	92.369	94.678	2.309	2,5	3,8	3,6
290 Tributación aut. sobre o xogo	5.246	5.351	105	2,0	0,2	0,2
291 Grav. sobre contaminac. atmosférica	20.577	21.092	514	2,5	0,9	0,8
TOTAL	2.412.680	2.636.049	223.367	9,3	100	100

Merece destacarse dentro deste capítulo o crecemento do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, un 12,3 %, favorecido pola expansión, un ano mais, das operacións inmobiliarias nun contexto de baixos tipos de xuro. Aínda maior resulta o incremento experimentado polo Imposto sobre o Valor Engadido, un 14,7 %, apoiado na continuidade do crecemento do consumo. Moi dispar resulta o comportamento dos distintos Impostos Especiais, onde as previsións de ingreso están realizadas en función das características e das circunstancias que afectan a cada un deles, aínda que en conxunto ofrecen unha caída do 2,4 % sobre o ano anterior. Nos impostos autonómicos: Minorista de Hidrocarburos, Gravame sobre a Contaminación Atmosférica e Imposto Autonómico sobre o Bingo, non se introducen cambios normativos, esperándose unha evolución moderada do seu valor recadatorio.

CAPÍTULO II. Impostos indirectos

Distribución económica. Evolución 2003-2005

(Miles de euros)

Conceptos	2003	2004	2005
200 Sobre transmisións inter vivos	171.567	187.731	221.972
201 Sobre actos xurídicos documentados	129.534	162.699	205.251
210 Sobre o valor engadido	895.701	971.018	1.072.660
220 Impostos especiais	549.295	556.125	573.890
221 Imposto retalista de hidrocarburos	54.109	88.782	90.558
290 Tributación aut. sobre o xogo	4.846	4.943	5.143
291 Grav. sobre contaminac. atmosférica	19.302	19.302	20.174
TOTAL	1.824.354	1.990.600	2.189.649

Capítulo III. Taxas, prezos e outros ingresos

A previsión de ingresos neste capítulo sitúase en 178,4 millóns de euros, que incrementan nun 5,1 % a estimación inicial do anterior exercicio.

CAPÍTULO III. Taxas, prezos e outros ingresos

Distribución económica. Variacións 2006-2007.

(Miles de euros)

Conceptos	2006	2007	Variación 07 / 06		Valor Rel.	
			Importe	%	2006	2007
301 Taxas por servizos administrativos	7.652	9.460	1.808	23,6	4,5	5,3
302 Taxas por servizos profesionais	28.265	26.872	-1.393	-4,9	16,5	15,1
303 Taxas por venda de bens	120	912	792	658,2	0,1	0,5
311 Prezos públicos	12.539	12.853	313	2,5	7,4	7,2
312 Prezos privados	7.217	7.476	259	3,6	4,3	4,2
320 Taxas sobre o xogo	80.844	85.749	4.905	6,1	47,6	48,1
380 Reintegros de exercicios pechados	6.844	7.247	403	5,9	4,0	4,1
381 Reintegros de orzamento corrente	4.873	5.160	287	5,9	2,9	2,9
391 Recargas e multas	1.797	1.903	106	5,9	1,1	1,1
392 Sancións impostas polas Consell.	14.077	14.908	831	5,9	8,3	8,4
399 Ingresos diversos	5.573	5.900	328	5,9	3,3	3,3
TOTAL	169.801	178.441	8.640	5,1	100	100

As taxas e prezos representan un total de 57,5 millóns de euros, un 3,2% por encima da recadación prevista no ano 2006, incremento basicamente orixinado polo aumento das taxas de contía fixa establecido na Lei de Orzamentos (2,5%).

Polo que respecta a Taxa sobre o xogo, establécese un incremento do 2% nas tarifas aplicables ás máquinas, deflactando á súa vez a escala aplicable á modalidade do xogo en casinos.

A previsión orzamentaria supón un incremento do 6,1% respecto ao exercicio anterior, como consecuencia do repunte esperado na recadación a consecuencia da instalación de máquinas multixogadores, así como das novidades legislativas introducidas en materia de xogo.

En canto aos ingresos procedentes da imposición de sancións, e outros, espérase un aumento do 5,9% na súa recadación, basicamente explicado por un lixeiro incremento das sancións impostas polas consellerías e polos reintegros de pagamentos indebidos.

CAPÍTULO III. Taxas, prezos e outros ingresos

Distribución económica. Evolución 2003-2005

(Miles de euros)

Conceptos	2003	2004	2005
301 Taxas por servizos administrativos	7.500	7.771	7.502
302 Taxas por servizos profesionais	13.324	13.806	27.711
303 Taxas por venda de bens	75	78	118
311 Prezos públicos	14.339	14.339	12.293
312 Prezos privados	6.575	6.575	7.075
320 Taxas sobre o xogo	77.677	87.368	80.044
380 Reintegros de exercicios pechados	6.402	6.402	6.608
381 Reintegros de orzamento corrente	4.559	4.559	4.705
391 Recargas e multas	1.681	1.681	1.735
392 Sancións impostas polas Consell.	13.168	13.168	13.593
399 Ingresos diversos	5.213	5.213	5.381
TOTAL	150.514	160.960	166.766

Capítulo IV. Transferencias correntes

A previsión de ingresos por transferencias correntes ascende a 5.121,9 millóns de euros, que representan un incremento do 11% sobre os orzamentos do ano 2006.


CAPÍTULO IV. Transferencias correntes							
Distribución económica. Variacións 2006-2007.							
(Miles de euros)							
Conceptos	2006	2007	Variación 07 / 06		Valor Rel.		
			Importe	%	2006	2007	
400 Part. no sistema de financiamento	3.653.199	4.074.561	421.362	11,5	79,2	79,6	
401 Da Seguridade Social (Do ISM)	2.051	2.158	107	5,2	0,0	0,0	
404 Subv. finalistas da Admón Xeral	172.561	208.856	36.295	21,0	3,7	4,1	
405 Part. CC.LL. nos tributos do Estado	730.054	778.968	48.914	6,7	15,9	15,2	
490 FSE. Programa Operativo	56.245	57.349	1.104	2,0	1,2	1,1	
491 Equal	1.386	0	-1.386	-100,0	0,0	0,0	
493 Interreg	262	0	-262	-100,0	0,0	0,0	
499 Outras transferencias da U.E.	93	0	-93	-100,0	0,0	0,0	
TOTAL	4.615.851	5.121.891	506.041	11,0	100	100	

A maior parte deses ingresos proceden da Administración Xeral do Estado, e mais concretamente da participación no Fondo de Suficiencia establecido no sistema de financiamento aprobado pola Lei 21/2001, do 27 de decembro, a través do que se perciben os recursos asignados á Comunidade Autónoma, debidamente actualizados conforme á evolución dos ingresos tributarios de Estado (ITEn), que non alcanzan a ser cubertos pola recadación dos tributos cedidos e compartidos.

Aos recursos que co carácter de entrega a conta corresponden ao Fondo de Suficiencia hai que engadir os estimados pola liquidación definitiva de todos os ingresos do sistema do ano 2005, así como outros que teñen a súa orixe nos acordos aprobados na II Conferencia e Presidentes e na subseguinte reunión do Consello de Política fiscal e Financeira, do 13 de setembro de 2005. A este último grupo corresponden o anticipo sobre a liquidación dos tributos

cedidos e do Fondo de Suficiencia do ano 2007, cuantificada no 3,5% da base de cálculo utilizada para a determinación inicial deses conceptos, dentro dos límites establecidos no Real Decreto-Lei 12/2005, do 16 de setembro, e a aportación adicional derivada da actualización dos datos de poboación utilizados no ano 1999 na estimación do financiamento sanitario. É de sinalar, por outra parte, que os ingresos que corresponden a distintos fondos especificamente sanitarios ou a conceptos non contemplados dentro do sistema aprobado pola Lei 21/2001 aínda que acordados na II Conferencia de Presidentes, son incluídos directamente nos orzamentos do Servizo Galego de Saúde.

A participación das Corporacións Locais nos tributos do Estado experimenta un incremento estimado do 6,7%. Na xestión destas transferencias a Comunidade Autónoma desempeña un papel de simple intermediación, por canto segundo o indicado no artigo 49.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia estes ingresos son percibidos polas Corporacións Locais a través daquela, que os distribúe conforme aos criterios legalmente establecidos.



As subvencións finalistas completan as transferencias correntes procedentes da Administración xeral do Estado. Entre elas figuran incluídas as

que corresponden á realización de diversas actividades de formación profesional financiadas polo Instituto Nacional de Emprego e as aportacións do Estado ao financiamento dos plans de emprego da Comunidade Autónoma, ademais das que corresponden ao pago de pensións asistenciais non contributivas con cargo ao Fondo Nacional de Asistencia Social.

As transferencias procedentes da Seguridade Social (Instituto Social da Mariña), que financian os servizos sociais xestionados por ese Instituto que foron transferidos á Comunidade Autónoma, e as transferencias do Exterior, que corresponden a recursos procedentes do Fondo Social Europeo, pechan este capítulo. O Fondo Social Europeo aplicarase en consonancia coa estratexia de emprego, financiando actuacións en catro áreas clave: aumentar a adaptabilidade dos traballadores e das empresas; mellorar o acceso ao emprego e a participación no mercado de traballo; reforzar a inclusión social combatendo a discriminación e facilitando o acceso ao traballo das persoas desfavorecidas; e promover, por último, a asociación para a reforma nos ámbitos do emprego e da inclusión social.

CAPÍTULO IV. Transferencias correntes

Distribución económica. Evolución 2003-2005

(Miles de euros)

Conceptos	2003	2004	2005
400 Part. no sistema de financiamento	2.765.585	2.965.354	3.289.244
401 Da Seguridade Social (Do ISM)	1.896	1.976	1.972
404 Subv. finalistas da Admón Xeral	126.908	133.144	153.715
405 Part. CC.LL. nos tributos do Estado	628.419	661.097	690.140
430 De OO.AA. administrativos	2.200	9.018	0
461 De deputacións	66.580	63.233	0
490 FSE. Programa Operativo	0	0	55.410
493 Interreg	0	0	106
499 Outras transferencias da U.E.	0	90	0
TOTAL	3.591.589	3.833.912	4.190.587

Capítulo V. Ingresos patrimoniais

Teñen esta consideración as rendas producidas como contrapartida pola utilización por parte de terceiros de activos pertencentes ao patrimonio da Comunidade Autónoma.

CAPÍTULO V. Ingresos patrimoniais							
Distribución económica. Variacións 2006-2007.							
(Miles de euros)							
Conceptos	2006	2007	Variación 07 / 06		Valor Rel.		
			Importe	%	2006	2007	
520 Xuros de contas bancarias	9.150	11.350	2.200	24,0	79,1	89,6	
534 De empresas públ. e outros entes p.	793	0	-793	-100,0	6,9	0,0	
550 De concesións administrativas	0	1.292	1.292		0,0	10,2	
551 Aproveitamentos agrícolas e forestais	0	30	30		0,0	0,2	
599 Outros	1.621	0	-1.621	-100,0	14,0	0,0	
TOTAL	11.564	12.672	1.108	9,6	100	100	

Os xuros devengados nas contas operativas que a Tesourería mantén abertas en entidades financeiras, que respecto ao anterior exercicio vense favorecidos pola tendencia alcista do euríbor a 1 mes, proporcionan a maior parte dos ingresos previstos no ano 2007.

CAPÍTULO V. Ingresos patrimoniais			
Distribución económica. Evolución 2003-2005			
(Miles de euros)			
Conceptos	2003	2004	2005
520 Xuros de contas bancarias	9.808	9.770	8.300
599 Outros	1.692	1.930	1.600
TOTAL	11.500	11.700	9.900

Capítulo VI. Alleamento de investimentos reais

Figuran presupostados neste capítulo ingresos procedentes da venda de soares e predios rústicos propiedade da Comunidade Autónoma, alleados por resultar innecesario ou antieconómico o mantemento dentro do seu patrimonio.

CAPÍTULO VI. Alleamento de investimentos reais						
Distribución económica. Variacións 2006-2007.						
Conceptos	2006	2007	Variación 07 / 06		(Miles de euros)	
			Importe	%	Valor	Rela.
					2006	2007
600 Venda de soares	404	9.147	8.743	2164,1	100,0	96,8
601 Venda de predios rústicos	0	300	300		0,0	3,2
TOTAL	404	9.447	9.043	2238,4	100	100

CAPÍTULO VI. Alleamento de investimentos reais			
Distribución económica. Evolución 2003-2005			
Conceptos	2003	2004	2005
600 Venda de soares	650	700	400
601 Venda de predios rústicos	50	0	0
TOTAL	700	700	400

A importante variación experimentada no ano 2007 está ocasionada por unha previsión puntual de venda dun soar que alterará a normalmente escasa relevancia económica deste capítulo, que na Administración Xeral carece habitualmente de relevancia económica ao contrario do que sucede nun organismo autónomo de carácter comercial como o Instituto Galego da Vivenda e Solo onde ten unha importante presenza.


Capítulo VII. Transferencias de capital

Inclúese neste capítulo a previsión de ingresos derivados de transferencias destinadas especificamente á realización de gastos de capital, que xunto ao aforro orzamentario e o endebedamento financian basicamente o programa de investimentos da Comunidade Autónoma no ano 2007.

CAPÍTULO VII. Transferencias de capital						
Distribución económica. Variacións 2006-2007.						
Conceptos	2006	2007	Variación 07 / 06		(Miles de euros)	
			Importe	%	Valor Rel.	
					2006	2007
700 Do FCI	183.536	195.857	12.321	6,7	22,3	24,8
703 De empresas públ. e outros entes p.	1.860	0	-1.860	-100,0	0,2	0,0
704 Subv. finalistas da Admón. Xeral	106.152	112.986	6.834	6,4	12,9	14,3
760 De concellos	6.520	0	-6.520	-100,0	0,8	0,0
761 De deputacións	423	673	250	59,1	0,1	0,1
790 FEDER. P.O.	183.261	181.356	-1.905	-1,0	22,3	22,9
791 Interreg	3.131	8.642	5.511	176,0	0,4	1,1
792 FEOGA / FEADER / FEAGA	230.615	193.214	-37.401	-16,2	28,1	24,4
794 IFOP / FEP	105.662	96.518	-9.144	-8,7	12,9	12,2
795 Equal	349	1.197	847	242,5	0,0	0,2
TOTAL	821.509	790.442	-31.067	-3,8	100	100

Os ingresos estimados por este concepto ascenden a 790,4 millóns de euros, que como consecuencia da evolución experimentada polas transferencias da Unión Europea, inevitablemente afectadas pola incorporación de novos Estados que participan no reparto dos fondos destinados ao cumprimento de obxectivos de cohesión e converxencia durante o período 2007-2013, experimentan unha caída do 3,8%, sobre os do exercicio precedente.

As transferencias de capital procedentes da Administración Xeral do Estado canalízanse preferentemente a través dos Fondos de Compensación Interterritorial e en menor medida a través das subvencións de carácter finalista. Representan un total de 308,8 millóns de euros que superan nun 5,9% ás previstas inicialmente no ano anterior.



Os Fondos de Compensación son uns dos mecanismos destinados a facer efectivo o principio constitucional de solidariedade interterritorial. A raíz da modificación da LOFCA realizada pola Lei orgánica 7/2001, e despois da aprobación da Lei 22/2001, do 27 de decembro, os fondos desta natureza divídense en Fondo de Compensación, ao que se destina o 75% do importe total, para o financiamento exclusivo de investimentos, e o Fondo Complementario, que absorbe o 25% restante e que pode financiar tamén gasto corrente asociado á posta en funcionamento deses investimentos. No ano 2007 os Fondos de Compensación asignados a Galicia ascenden a 195,9 millóns de euros, un 6,7% por encima do ano anterior, e a porcentaxe que representa a dotación total dos Fondos de todas as Comunidades sobre o investimento novo de carácter civil do Estado e dos seus Organismos Autónomos, é do 35,64%.

Pola súa parte as subvencións finalistas procedentes dos orzamentos do Estado financian actuacións relativas a materias sobre as que a Comunidade

Autónoma ten asumidas as competencias. A previsión de ingresos por este concepto, que normalmente vese completada ao longo do exercicio por novas aportacións derivadas da firma de convenios e de repartos acordados en conferencias sectoriais, sitúase en 113,0 millóns de euros, que incrementan nun 6,4% a estimación inicial do ano 2006.

O exercicio de 2007 é o primeiro do novo período de programación dos Fondos Europeos que se estende ata o ano 2013.

As políticas da Unión Europea destinadas a promover o desenvolvemento e a reforzar a cohesión económica e social reducindo as diferenzas de nivel entre as distintas rexións se materializan fundamentalmente, polo que se refire aos instrumentos nos que Galicia participa, a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) e do Fondo Social Europeo (FSE), como fondos estruturais, e dos novos Fondo Europeo Agrícola para o Desenvolvemento Rural (FEADER), o Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA) e o Fondo Europeo de Pesca (FEP), estes últimos son fondos de especificidade territorial que reemplazarán as antigas seccións Orientación e Garantía do FEOGA, e ao IFOP, pero non terán a consideración de fondos estruturais. Con independencia do anterior créase unha Agrupación Europea de Cooperación Transfronteriza (AECT) como instrumento destinado a facilitar a aplicación de programas de cooperación territorial.

O FEDER está concibido ao servizo das políticas de cohesión da UE, orientando o seu papel cara o fomento dos investimentos que axuden a reducir os desequilibrios rexionais, finalidade á que esta dirixido o apoio aos programas que aborden o desenvolvemento, a mellora da competitividade e a cooperación territorial no ámbito da Unión Europea, figurando entre as súas prioridades de financiamento, ademais dos investimentos en infraestruturas, as aportacións que se destinan á innovación e á investigación, e á protección do medio ambiente. Nos orzamentos do ano 2007 o financiamento procedente do FEDER experimenta unha caída do 1%, aínda que nesa porcentaxe aparece

incluída a repercusión de fondos por importe 15,8 millóns de euros procedentes do anterior período de programación.

CAPÍTULO VII. Transferencias de capital

Distribución económica. Evolución 2003-2005

(Miles de euros)

Conceptos	2003	2004	2005
700 Do FCI	155.274	163.942	172.981
704 Subv. finalistas da Admón. Xeral	54.933	83.955	93.334
761 De deputacións	1.623	423	423
790 FEDER. P.O.	172.686	167.909	170.984
791 Interreg	13.732	15.241	8.436
792 FEOGA / FEADER / FEAGA	178.784	198.102	215.029
793 Fondos de Cohesión	41.236	13.504	5.984
794 IFOP / FEP	77.009	89.162	106.570
TOTAL	695.277	732.238	773.741

As diversas medidas da política agrícola común a favor do desenvolvemento rural canalízanse a través de dous novos fondos creados polo Regulamento (CE) nº 1290/2005, do 21 de xuño: o Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA), que financia preferentemente as medidas de mercado, e o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), que financia os programas de desenvolvemento Rural. No primeiro deles, que substitúe á sección Garantía, do FEOGA, a previsión de ingresos para 2007 descende sensiblemente respecto ao ano anterior, mentres que o FEADER, que reempraza á sección Orientación, experimenta unha caída moito menor que se ve compensada coa aportación de 21 millóns de euros que corresponden a fondos procedentes da programación do período 2000-2006. Computada globalmente, a previsión de ingresos do FEADER, do FEAGA, e do FEOGA, no ano 2007, resulta inferior nun 16,2% á do FEOGA do ano 2006.

As axudas da Unión Europea destinadas a favorecer a consolidación dunha industria pesqueira competitiva e de asegurar o desenvolvemento sostible do sector dentro do respecto aos factores medioambientais, canalízanse a través do novo Fondo Europeo de Pesca (FEP), establecido a través do Regulamento (CE) nº 1198/2006, do 27 de xullo. Os ingresos por este concepto representan unha caída do 8,7% respecto aos do IFOP orzamentados no ano 2006.

Capítulo VIII. Activos financeiros

Aparecen recollidos neste capítulo ingresos procedentes da venda de títulos representativos da propiedade de capital. A previsión realizada mantense nas cifras do ano anterior e pode experimentar variación ao longo do exercicio en virtude de decisións tomadas con criterios de oportunidade económica ou como consecuencia da materialización de reintegros de préstamos e fianzas constituídas.

CAPÍTULO VIII. Activos financeiros

Distribución económica. Variacións 2006-2007.

Conceptos	2006	2007	Variación 07 / 06		(Miles de euros)	
			Importe	%	Valor Rel.	
					2006	2007
850 Alleamento accións do Sect. Púb.	10	10	0	0,0	100,0	100,0
TOTAL	10	10	0	0,0	100	100

CAPÍTULO VIII. Activos financeiros

Distribución económica. Evolución 2003-2005

Conceptos	(Miles de euros)		
	2003	2004	2005
850 Alleamento accións do Sect. Púb.	10	10	10
TOTAL	10	10	10

Capítulo IX. Pasivos financeiros

O importe orzamentado corresponde ao endebedamento bruto previsto para o ano 2007, que en termos netos representa 93,9 millóns de euros e ten encaixe nos compromisos de estabilidade adquiridos pola Comunidade Autónoma. Da cantidade indicada, 85,3 millóns corresponden á utilización da opción establecida na Lei Orgánica 5/2001, complementaria á Lei de Estabilidade Orzamentaria, en relación co financiamento de investimentos destinados a actuacións produtivas, e 8,7 millóns ao financiamento necesario para adquisición de activos financeiros.

CAPÍTULO IX. Pasivos financeiros

Distribución económica. Variacións 2006-2007.

Conceptos	2006	2007	Variación 07 / 06		(Miles de euros)	
			Importe	%	Valor Rel.	
					2006	2007
950 Préstamos recib. e emisión débeda	514.068	551.044	36.976	7,2	100,0	100,0
TOTAL	514.068	551.044	36.976	7,2	100	100

CAPÍTULO IX. Pasivos financeiros

Distribución económica. Evolución 2003-2005

Conceptos	(Miles de euros)		
	2003	2004	2005
950 Préstamos recib. e emisión débeda	413.648	259.085	515.831
TOTAL	413.648	259.085	515.831

2. GASTOS

Os gastos autorizados no orzamento da Administración Xeral manteñen os equilibrios básicos necesarios para facer compatible un decidido apoio ao investimento asociado ao crecemento económico coa continuidade das políticas de corte social. Entre estas últimas, a política sanitaria, a educativa, as vinculadas aos programas de promoción do emprego, e a destinada a atención das persoas en situación de dependencia, resultan particularmente reforzadas no ano 2007.

Os créditos totais asignados ascenden a 10.467,8 millóns de euros, que representan un incremento do 8,8 % sobre o ano anterior, porcentaxe que se converte nun 8,3 % se a estimación se realiza exclusivamente sobre o gasto non financeiro. En ambos casos, o crecemento conseguido sitúase en 1,4 por encima da evolución esperada do produto interior.

Pola súa parte o gasto corrente crece un 7,7 %, porcentaxe que adquire o seu verdadeiro significado cando se considera que ese tipo de gasto, ademais de incluír o capítulo I que soporta o pago das retribucións do persoal, está constituído en gran proporción polo gasto adscrito ao desenvolvemento das políticas básicas de equidade e cohesión representadas pola Educación e pola prestación de servizos sanitarios, neste último caso a través das transferencias efectuadas ao SERGAS desde a Consellería de Sanidade, ás que hai que engadir, de forma cada vez mais significativa, as implicadas na prestación dos diferentes servizos de orde social.

O investimento realizado a través dos capítulos VI e VII, que canaliza a maior parte dos créditos asignados ás políticas sectoriais asociadas ao crecemento dos sectores produtivos, representa un total de 2.434,6 millóns de euros -o 23,3% dos créditos orzamentarios- que

incrementan nun 10,1%. as dotacións autorizadas no ano 2006 que en si mesmas xa acadaban unha contía de importancia considerable.

Como corresponde a súa condición de xestoras dos grandes servizos básicos, as consellerías de Educación e Ordenación Universitaria, que crece un 8,0%, e a de Sanidade, que aumenta o seu orzamento nun 7,4%, absorben unha gran parte, un 51,1%, dos créditos da Administración Xeral, aínda que hai que apuntar que a Consellería de Sanidade transfere ao Servizo Galego de Saúde a maior parte das súas dotacións, xa que esta última é quen desenvolve directamente a xestión dos servizos sanitarios.


Igualmente significativos son os incrementos que experimentan, por un lado, a Vicepresidencia da Igualdade e Benestar, xestora da acción social xeral e da moi importante e crecente atención ás persoas en situación de dependencia, e a Consellería de Traballo, con competencias sobre os programas de promoción do emprego e de atención aos desempregados, e por outra parte as Consellerías de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, principal xestora dos investimentos en infraestruturas, e a Consellería de Innovación e Industria, impulsora destacada dos programas de I+D+i. Todas elas incrementan as súas dotacións orzamentarias nun 10,9% por encima do ano anterior, e representan a vocación dual das políticas de gasto destes orzamentos, orientadas de forma equilibrada ao crecemento económico e ao benestar e a cohesión social.

Orzamento de gastos da Administración Xeral

Distribución económica

(Miles de euros)

Capítulos	2006	2007	Variac. 07 / 06		Valor Rel.	
			Importe	%	06	07
I Gastos de persoal	1.681.276	1.827.140	145.864	8,7	17,5	17,5
II Gastos en bens correntes e servizos	425.409	426.876	1.467	0,3	4,4	4,1
III Gastos financeiros	141.636	146.187	4.550	3,2	1,5	1,4
IV Transferencias correntes	4.681.566	5.065.420	383.854	8,2	48,7	48,4
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	6.929.887	7.465.622	535.735	7,7	72,0	71,3
VI Invetimentos reais	964.659	1.078.340	113.680	11,8	10,0	10,3
VII Transferencias de capital	1.246.298	1.356.225	109.927	8,8	13,0	13,0
TOTAL OPER. NON FINANC. DE CAPITAL	2.210.957	2.434.565	223.607	10,1	23,0	23,3
TOTAL GASTOS NON FINANCEIROS	9.140.844	9.900.186	759.342	8,3	95,0	94,6
VIII Activos financeiros	105.752	110.527	4.775	4,5	1,1	1,1
IX Pasivos financeiros	374.068	457.103	83.035	22,2	3,9	4,4
TOTAL GASTOS FINANCEIROS	479.820	567.629	87.809	18,3	5,0	5,4
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	2.690.777	3.002.194	311.417	11,6	28,0	28,7
TOTAL	9.620.664	10.467.816	847.151	8,8	100	100



Orzamento de gastos da Administración Xeral

Distribución orgánica

(Miles de euros)

Seccións	2006	2007	Variac. 07/06		Valor Rel	
			Importe	%	06	07
01 Parlamento	19.214	20.507	1.293	6,7	0,2	0,2
02 Consello de Contas	6.629	7.289	659	9,9	0,1	0,1
03 Consello da Cultura Galega	2.863	3.073	210	7,3	0,0	0,0
04 Presidencia da Xunta	182.512	195.966	13.454	7,4	1,9	1,9
05 Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar	365.875	405.916	40.041	10,9	3,8	3,9
06 Cons. Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	197.193	205.278	8.085	4,1	2,0	2,0
07 Cons. Economía e Facenda	160.494	168.513	8.020	5,0	1,7	1,6
08 Cons. Política Territorial, Obras Públicas e Transportes	454.448	503.963	49.515	10,9	4,7	4,8
09 Cons. Educación e Ordenación Universitaria	1.983.462	2.142.163	158.702	8,0	20,6	20,5
10 Cons. Innovación e Industria	310.009	343.701	33.692	10,9	3,2	3,3
11 Cons. Medio Rural	569.098	627.955	58.857	10,3	5,9	6,0
12 Cons. Cultura e Deporte	164.795	175.104	10.309	6,3	1,7	1,7
13 Cons. Sanidade	2.979.911	3.201.580	221.669	7,4	31,0	30,6
14 Cons. Pesca e Asuntos Marítimos	217.727	228.262	10.535	4,8	2,3	2,2
15 Cons. Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible	197.459	203.398	5.939	3,0	2,1	1,9
16 Cons. Traballo	297.761	330.302	32.540	10,9	3,1	3,2
17 Cons. Vivenda e Solo	107.634	113.658	6.024	5,6	1,1	1,1
20 Consello Consultivo de Galicia	1.670	1.725	55	3,3	0,0	0,0
21 Transferencias a CC.LL.	820.283	885.235	64.952	7,9	8,5	8,5
22 Débeda Pública	514.652	602.466	87.814	17,1	5,3	5,8
23 Gastos Diversas Consellerías	66.977	101.761	34.784	51,9	0,7	1,0
TOTAL	9.620.664	10.467.816	847.151	8,8	100	100

Orzamento de gastos da Administración Xeral

Distribución funcional		(Miles de euros)	
Grupos de funcións		2007	Valor
Funcións			relativo
1 Actuacións de carácter xeral		246.566	2,4
11 Alta dirección da comunidade autónoma		41.629	0,4
12 Administración xeral		74.393	0,7
13 Xustiza		94.622	0,9
14 Administración local		11.736	0,1
15 Normalización lingüística		23.185	0,2
16 Procesos electorais e órganos de representación política e institucións democráticas		1.000	0,0
2 Protección civil e seguridade cidadá		25.429	0,2
21 Protección civil e seguridade		25.429	0,2
3 Protección e promoción social		766.375	7,3
31 Acción social e promoción social		425.175	4,1
32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo		331.345	3,2
33 Cooperación exterior e ao desenvolvemento		9.855	0,1
4 Producción de bens públicos de carácter social		5.784.969	55,3
41 Sanidade		3.201.455	30,6
42 Educación		2.161.491	20,6
43 Cultura		140.780	1,3
44 Deportes		38.355	0,4
45 Vivenda		113.658	1,1
46 Outros servizos comunitarios e sociais		129.229	1,2
5 Producción de bens públicos de carácter económico		1.090.281	10,4
51 Infraestruturas		458.985	4,4
52 Ordenación do territorio		50.978	0,5
54 Actuacións ambientais		222.337	2,1
55 Actuacións e valorización do medio rural		203.036	1,9
56 Investigación, desenvolvemento e innovación		119.297	1,1
57 Sociedade da información e do coñecemento		29.798	0,3
58 Información estatística básica		5.849	0,1
6 Regulación económica de carácter xeral		146.222	1,4
61 Actuacións económicas xerais		37.078	0,4
62 Actividades financeiras		109.144	1,0
7 Reg. econ. de sectores produtivos e desenv. empresarial		914.153	8,7
71 Dinamización económica do medio rural		385.355	3,7
72 Pesca		185.437	1,8
73 Industria, enerxía e minaría		52.151	0,5
74 Desenvolvemento empresarial		182.440	1,7
75 Comercio		33.211	0,3
76 Turismo		75.558	0,7
8 Transferencias a entidades locais		891.355	8,5
81 Transferencias a entidades locais		891.355	8,5
9 Débeda pública		602.466	5,8
91 Débeda pública		602.466	5,8
TOTAL		10.467.816	100

Orzamento de gastos da Administración Xeral

Distribución orgánica e económica

(Miles de euros)

Seccións	Capítulos								TOTAL
	I	II	III	IV	VI	VII	VIII	IX	
01 Parlamento	9.044	7.359	0	2.406	1.539	34	125	0	20.507
02 Consello de Contas	4.947	1.507	0	3	796	0	36	0	7.289
03 Consello da Cultura Galega	1.120	1.394	0	160	400	0	0	0	3.073
04 Presidencia da Xunta	12.363	8.632	0	19.907	33.066	21.013	100.985	0	195.966
05 Vicep. da Igualdade e do Benestar	107.391	99.904	0	146.590	31.895	20.136	0	0	405.916
06 Presid., Admóns Públicas e Xustiza	93.956	34.221	13	24.773	37.428	14.886	0	0	205.278
07 Economía e Facenda	26.660	4.610	0	22.142	7.530	106.951	621	0	168.513
08 Polit. Territ., O.P. e Transportes	27.041	2.944	76	10.641	386.244	77.016	0	0	503.963
09 Educación e Ord. Universitaria	1.212.960	197.302	134	553.391	123.727	54.649	0	0	2.142.163
10 Innovación e Industria	16.625	2.038	0	55.285	28.225	233.828	7.700	0	343.701
11 Medio Rural	113.937	9.029	0	19.776	192.787	292.366	60	0	627.955
12 Cultura e Deporte	22.844	8.167	0	22.245	45.801	76.047	0	0	175.104
13 Sanidade	42.506	2.291	0	3.119.229	35.807	1.747	0	0	3.201.580
14 Pesca e Asuntos Marítimos	26.886	4.399	600	4.160	54.680	137.537	0	0	228.262
15 Medio Ambiente e Desenv. Sostible	23.831	5.171	0	4.603	50.265	119.528	0	0	203.398
16 Traballo	40.189	15.468	0	258.227	15.228	1.190	0	0	330.302
17 Vivenda e Solo	6.001	2.580	0	16.292	4.803	82.981	1.000	0	113.658
20 Consello Consultivo de Galicia	1.276	344	0	0	106	0	0	0	1.725
21 Transferencias a CC.LL.	0	0	0	778.968	0	106.267	0	0	885.235
22 Débeda Pública	0	0	145.363	0	0	0	0	457.103	602.466
23 Gastos Diversas Consellerías	37.563	19.515	0	6.620	28.015	10.049	0	0	101.761
TOTAL	1.827.140	426.876	146.187	5.065.420	1.078.340	1.356.225	110.527	457.103	10.467.816

2.1 ANÁLISE POR CAPÍTULOS

Capítulo I. Gastos de persoal

Os créditos destinados ao pago das retribucións e das cotas sociais dos empregados da Administración Xeral da Comunidade Autónoma experimentan un incremento do 8,7% sobre o ano anterior. Representan o 17,5% do gasto total dese sector, e o 24,5% do gasto corrente, porcentaxe que superaría o 42% se incluímos as transferencias do capítulo IV que se destinan a financiamento de gastos de persoal do SERGAS.

Esa variación incorpora o incremento retributivo do 2%, previsto con carácter xeral na Lei de Orzamentos, a repercusión do 100% do complemento de destino sobre a paga extraordinaria de xuño, en contraposición ao 80% do ano anterior, e a asignación dun 1% adicional á masa salarial dos funcionarios en activo, acompañado dun incremento equivalente na masa salarial do persoal laboral.

Recolle igualmente as dotacións destinadas a atender as melloras nas retribucións dos empregados públicos derivadas de acordos alcanzados nas diferentes mesas de negociación, por importe de 28,5 millóns de euros, entre os que destacan os correspondentes ao persoal docente que imparte ensinanzas distintas das universitarias, ao persoal ao servizo da Administración de Xustiza, e ao persoal laboral do servizo de Prevención e Defensa contra incendios forestais.

Tamén forma parte da variación sobre o ano anterior a dotación de créditos para a creación de prazas por cumprimento de sentenzas xudiciais de declaración da condición de laboralidade (5,7 millóns), os créditos derivados do traspaso de competencias do Instituto Social da Mariña en materia educativa, emprego e formación ocupacional (6,9 millóns), así

como os créditos destinados á constitución de equipos de valoración e dependencia, no marco da Lei de promoción de autonomía persoal e de atención ás persoas en situación de dependencia (1,8 millóns).

CAPÍTULO I. Gastos de persoal

Seccións	Distribución orgánica		(Miles de euros)			
	2006	2007	Variac. 07 / 06		Valor Relat.	
			Importe	%	2006	2007
01 Parlamento	9.184	9.044	-140	-1,5	0,5	0,5
02 Consello de Contas	4.447	4.947	501	11,3	0,3	0,3
03 Consello da Cultura Galega	1.018	1.120	102	10,0	0,1	0,1
04 Presidencia da Xunta	11.343	12.363	1.020	9,0	0,7	0,7
05 Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar	97.952	107.391	9.439	9,6	5,8	5,9
06 Cons. Presidencia, Admóns Públicas e Xustiza	87.097	93.956	6.859	7,9	5,2	5,1
07 Cons. Economía e Facenda	24.844	26.660	1.815	7,3	1,5	1,5
08 Cons. Polít. Territ., O.P. e Transportes	25.376	27.041	1.665	6,6	1,5	1,5
09 Cons. Educación e Ord. Universitaria	1.137.723	1.212.960	75.237	6,6	67,7	66,4
10 Cons. Innovación e Industria	15.499	16.625	1.126	7,3	0,9	0,9
11 Cons. Medio Rural	98.652	113.937	15.285	15,5	5,9	6,2
12 Cons. Cultura e Deporte	20.796	22.844	2.048	9,8	1,2	1,3
13 Cons. Sanidade	41.176	42.506	1.330	3,2	2,4	2,3
14 Cons. Pesca e Asuntos Marítimos	26.097	26.886	789	3,0	1,6	1,5
15 Cons. Medio Ambiente e Desenv. Sostible	26.061	23.831	-2.230	-8,6	1,6	1,3
16 Cons. Traballo	37.406	40.189	2.782	7,4	2,2	2,2
17 Cons. Vivenda e Solo	3.628	6.001	2.374	65,4	0,2	0,3
20 Consello Consultivo de Galicia	1.248	1.276	28	2,3	0,1	0,1
23 Gastos Diversas Consellerías	11.731	37.563	25.832	220,2	0,7	2,1
TOTAL	1.681.276	1.827.140	145.863	8,7	100	100

No orzamento de gastos de persoal da administración xeral cabe destacar o correspondente á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que representa un 66,4% do gasto total orzamentado. Compre sen embargo ter en conta que o gasto de persoal do SERGAS, financiado a través de transferencias do capítulo IV como deixamos indicado, representa un importe todavía superior ao que se destina a educación.

CAPÍTULO I. Gastos de persoal

Distribución económica

(Miles de euros)

Artigos	2006	2007	Variac. 07 / 06		Valor Rela.	
			Importe	%	2006	2007
10 Altos cargos e delegados	10.787	10.601	-186	-1,7	0,6	0,6
11 Persoal eventual de gabinete	7.513	8.111	597	7,9	0,4	0,4
12 Funcionarios	1.299.812	1.392.624	92.811	7,1	77,3	76,2
13 Laborais	202.766	240.028	37.262	18,4	12,1	13,1
14 Outro persoal	202	206	4	2,0	0,0	0,0
15 Incentivos ao rendemento	4.127	4.308	181	4,4	0,3	0,2
16 Cotas, prest. e gastos sociais empregador	156.068	171.262	15.193	9,7	9,3	9,4
TOTAL	1.681.276	1.827.140	145.864	8,7	100	100

CAPÍTULO I. Gastos de persoal

Distribución funcional

(Miles de euros)

Funcións	2007	Valor relativo
11 Alta dirección da comunidade autónoma	20.253	1,1
12 Administración xeral	27.160	1,5
13 Xustiza	63.700	3,5
14 Administración local	751	0,0
15 Normalización lingüística	1.603	0,1
21 Protección civil e seguridade	4.395	0,2
31 Acción social e promoción social	109.729	6,0
32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	40.189	2,2
33 Cooperación exterior e ao desenvolvemento	483	0,0
41 Sanidade	42.506	2,3
42 Educación	1.223.168	66,9
43 Cultura	19.722	1,1
44 Deportes	3.122	0,2
45 Vivenda	6.001	0,3
46 Outros servizos comunitarios e sociais	2.024	0,1
51 Infraestruturas	21.870	1,2
52 Ordenación do territorio	5.171	0,3
54 Actuacións ambientais	22.802	1,2
55 Actuacións e valorización do medio rural	39.032	2,1
56 Investigación, desenvolvemento e innovación	9.452	0,5
61 Actuacións económicas xerais	6.347	0,3
62 Actividades financeiras	57.876	3,2
71 Dinamización económica do medio rural	66.427	3,6
72 Pesca	18.474	1,0
73 Industria, enerxía e minaría	9.407	0,5
74 Desenvolvemento empresarial	961	0,1
75 Comercio	799	0,0
76 Turismo	3.716	0,2
TOTAL	1.827.140	100

Capítulo II. Gastos en bens correntes e servizos

